

## **Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.**

**Outubro 2007. Datos provisionais.**

### **COMUNICADO**

---

**Os prezos dos bens exportados en Galicia rexistraron un crecemento do 6,7% en taxa interanual.**

**Os prezos dos bens importados descenderon lixeiramente.**

**Os prezos dos bens de exportación creceron un 6,7% en outubro de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.**

Os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 6,7% en outubro de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Atendendo á clasificación por destino económico dos bens exportados, as taxas de variación interanuais foron do 7% para os bens de consumo, 9,6% para os bens de equipo e 4,8% para os bens intermedios.

Segundo o destino xeográfico dos bens, non se rexistran diferenzas significativas entre as catro áreas consideradas, sendo a taxa de variación interanual do 6,7% para os prezos dos bens exportados a países da UE-25 e da OCDE, e do 7% para os bens con destino a UEM e aos países non pertencentes a OCDE.

**Os prezos dos bens de importación decreceron un 0,3% en outubro de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.**

Os prezos dos bens importados na Comunidade Autónoma de Galicia decreceron un 0,3% en outubro de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Por destino económico dos bens importados, as taxas de variación interanuais foron -4,4% para os bens de consumo, -25,5% para os bens de equipo e 6,9% para os bens intermedios.

Atendendo á orixe xeográfica dos bens, os prezos dos bens importados de países non pertencentes á OCDE son os que rexistraron un maior decrecemento, cunha taxa interanual do -4,2%. Os prezos dos bens importados de países da OCDE, rexistraron un crecemento do 1,8% en taxa interanual. Os procedentes da UEM e da UE-25 mantivéronse constantes.

Outubro 2007. Datos provisionais

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Índice	Variación sobre igual período ano anterior. (%)		IMPORTACIÓNS	Índice	Variación sobre igual período ano anterior. (%)	
		Do mes	Da media do que vai de ano			Do mes	Da media do que vai de ano
ÍNDICE XERAL	113,6	6,7	8,1	ÍNDICE XERAL	109,6	-0,3	-1,6
Bens de consumo	117,3	7,0	10,7	Bens de consumo	103,4	-4,4	-1,9
Bens de equipo	116,4	9,6	8,8	Bens de equipo	88,3	-25,5	2,3
Bens intermedios	106,7	4,8	3,9	Bens intermedios	115,8	6,9	-2,4

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Índice	Variación sobre igual período ano anterior. (%)		IMPORTACIÓNS	Índice	Variación sobre igual período ano anterior. (%)	
		Do mes	Da media do que vai de ano			Do mes	Da media do que vai de ano
UEM	117,9	7,0	9,5	UEM	104,2	-0,5	-1,2
UE-25	115,1	6,7	8,9	UE-25	105,0	0,1	-1,0
OCDE	113,9	6,7	8,3	OCDE	108,9	1,8	-2,7
RM	110,4	7,0	5,6	RM	111,4	-4,2	-0,4

FOIITE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior


As áreas xeográficas consideradas son as seguintes:

- Países da zona euro (área UEM): Alemaña, Francia, Italia, Holanda, Bélxica, Luxemburgo, Irlanda, Grecia, España, Portugal, Austria e Finlandia.
- Países da Unión Europea (área UE-25): países da área UEM, Dinamarca, Reino Unido, Suecia, República Checa, Chipre, Estonia, Letonia, Lituania, Hungría, Malta, Polonia, Eslovenia e Eslovaquia.

- Países da OCDE (área OCDE): países da área UE-25, Australia, Canadá, Islandia, Xapón, Corea do Sur, México, Nova Celandia, Noruega, Suíza, Turquía e Estados Unidos.
- Resto de Países (área RM): Contén todos os demais países non incluídos na área OCDE.

Para todas as áreas se tiveron en conta os países integrantes no ano de referencia, é dicir, con data do 1 de xaneiro de 2005.

No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en :

[http://www.ige.eu/ga/estructura/documentos/metodoloxias/met\\_ivus\\_ref\\_2005\\_ga.pdf](http://www.ige.eu/ga/estructura/documentos/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf)

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)